

EXTRACTO DOS ACORDOS DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 14 DE MAIO DE 2018.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Ausentes:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM 20/2018 DE DATA 7 DE MAIO DE 2018.

Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. 20/2018 do día 7 de maio de 2018.

2.- EXPEDIENTE 2135/2018. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAS DE CONSTRUCCIÓN NECESARIA PARA OS TRABALLOS A REALIZAR POLO OBRADOIRO DE EMPREGO “RIVERO SOCIAL LALÍN II”.

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 6.606,43 € (IVE engadido) con destino á contratación do subministro de materias de construción necesaria para os traballos a realizar polo Obradoiro de Emprego “Rivero Social Lalín II” na execución das obras de acondicionamento interior no edificio rúa Manuel Rivero, 5.

3.- EXPEDIENTE 2414/2018. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO CON COLOCACIÓN DE MATERIAS DE FONTANERÍA, NECESARIOS PARA OS TRABALLOS A REALIZAR POLO OBRADOIRO DE EMPREGO “RIVERO SOCIAL LALÍN II”.

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 5.584,30 € (IVE engadido) con destino á contratación do subministro con colocación de materias de fontanería, necesarios para os traballos a realizar polo Obradoiro de Emprego “Rivero Social Lalín II” na execución das obras de acondicionamento interior no edificio rúa Manuel Rivero, 5.

4.- EXPEDIENTE 5940/2017. EXPEDIENTE PARA A REALIZACIÓN CURSO DE VERÁN “XIV NOVAS FRONTEIRAS NA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES 2.0: XÉNERO - VIOLENCIAS - COEDUCACIÓN – COMUNICACIÓN”.

Acordouse aceptar a realización do curso de verán “XIV^a NOVAS FRONTEIRAS NA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES 2.0: XÉNERO - VIOLENCIAS - COEDUCACIÓN - COMUNICACIÓN” (Lalín 9-13 de xullo).

5.- EXPEDIENTE 2643/2018. RELACIÓN DE FACTURAS.

Acordouse aprobar a relación de facturas (Relación nº 00026 por importe de 104.056,47 €).

6.- EXPEDIENTE 2361/2018. RELACIÓN DE FACTURAS.

Acordouse aprobar a relación de facturas (Relación nº 00023 por importe de 9.076,58 €).

7.- EXPEDIENTE 5113/2017. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE RECURSO REPOSICIÓN.

Acordouse DESESTIMAR o Recurso de Reposición interposto contra o acordo nº 21 dos acadados pola Xunta de Goberno Local e sesión de 5 de febreiro de 2018.

8.- EXPEDIENTE 2663/2018. RENOVACIÓN TARXETA DE ESTACIONAMIENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE Nº 09/2016.

Acordouse a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía número 09/2016.

9.- EXPEDIENTE 5347/2017. SOLICITUD DE SUBVENCIONES PARA ENTIDADES LOCALES (TURISMO).

Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos xustificables correspondentes ao desenvolvemento do Desfile de Carrozas, Charangas, Comparsas e Agrupacións Musicais da Feira do Cocido de Lalín 2018, por importe de 12.650 €.

10.- EXPEDIENTE 2625/2018. SOLICITUDE INSTALACIÓNS E MATERIAL PARA LEVAR A CABO A XUNTANZA DE PEÑAS BARCELONISTA DE GALICIA, DÍAS 9 E 10 DE XUÑO DE 2018.

Acordouse conceder autorización para organizar a *XXVIIIª Xuntanza de Peñas Barcelonistas de Galicia en Lalín*.

11.- EXPEDIENTE 2674/2018. SOLICITUDE PERMISO PARA POÑER MÚSICA O DÍA 16 DE MAIO A NOITE NA PRAZA DA TORRE NO BAR JJ.

Acordouse conceder autorización municipal para poder poñer música o día 16 de maio de 2018 de 11:00 horas da noite ata un par de horas máis tarde na Praza da Torre.

12.- EXPEDIENTE 2672/2018. SOLICITUDE PERMISO PARA PODER COLOCAR UNHA CARPA INFORMATIVA NA PRAZA DA IGREXA, O LUNS 18 DE XUÑO.

Acordouse conceder autorización municipal para poder colocar unha carpa o luns día 18 de xuño de 2018 en horario de 9:00 horas ata ás 14:00 horas na Praza da Igrexa (superficie 7 x 7 m.) co fin de informar á poboación sobre os proxectos e actividades que a Cruz Vermella está a

desenvolver no Concello de Lalín.

13.- EXPEDIENTE 2626/2018. SOLICITUDE DE COLABORACIÓN PARA A XUNTANZA DE PEÑAS BARCELONISTAS DE GALICIA.

Acordouse conceder autorización para organizar a *XXVIIIª Xuntanza de Peñas Barcelonistas de Galicia*.

14.- EXPEDIENTE 2673/2018. SOLICITUDE PARA INSTALACIÓN DE 4 CONTENEDORES PARA RECOLLIDA SELECTIVA DE ROUPA E CALZADO USADO, NO TÉRMINO MUNICIPAL DO CONCELLO DE LALÍN.

Acordouse conceder autorización para a instalación de 4 contenedores nos lugares solicitados debendo a empresa efectuar o pagamento das cantidades que de xeito periódico resulta das liquidacións por ocupación dominio público municipal.

15.- EXPEDIENTE 2614/2018. SOLICITUDE PARA A UTILIZACIÓN DO SALÓN TEATRO DO AUDITORIO MUNICIPAL PARA O DÍA 17 DE XUÑO DE 2018 PARA CELEBRACIÓN DUN EVENTO DO PARTIDO POPULAR.

Quedou pendente para un mellor estudo.

16.- EXPEDIENTE 2679/2018. SOLICITUDE PARA INSTALACIÓN DE POSTO DE 3M2 PARA A VENDA DE CEREIXAS NA ROTONDA DE "AS QUEIMADAS"-LALÍN.

Acordouse conceder autorización municipal para a instalación dun posto de venda de cereixas na rotonda das Queimadas 3 metros, dende o día 16 de maio de 2018 ata o 30 de xuño de 2018, tres días semanais.

17.- EXPEDIENTE 754/2018. ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA. FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2018.

Acordouse aceptar a subvención concedida por importe de 108.329,29 euros para a execución do investimento denominado “*Ampliación e mellora das infraestructuras de abastecemento en Bustelo-Lebozán, Anzo, Palmou e Madriñán*”.

18.- EXPEDIENTE 2491/2018. AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA REALIZAR A ACTIVIDADE FORMATIVA “COOPERATIVISMO E AUTOEMPREGO”.

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 1.214,10 € (IVE incluído), con cargo á aplicación presupostaria 2311 correspondente ao programa Atención a Inmigración para a realización da acción formativa *Autoemprego e cooperativismo*.

19.- EXPEDIENTE 2430/2018. AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA REALIZAR A ACTIVIDADE FORMATIVA “ADQUISICIÓN DE HABILIDADES LINGÜÍSTICAS E COÑECEMENTO DAS COSTUMES DA SOCIEDADE DE ACOLLIDA”.

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 7.795,01 € (IVE incluído), con cargo á aplicación presupostaria 2311 correspondente ao programa Atención a Inmigración para a realización da acción formativa *Adquisición de habilidades lingüísticas e coñecemento das costumes da sociedade de acollida, comprendida dentro das actuacións programadas con cargo á subvención concedida para a inclusión social da poboación inmigrante (Orde do 18 de xullo de 2017)*.

20.- EXPEDIENTE 280/2018. CESIÓN DE TERREOS NO MONTE CARRIO E ACTUACIÓNS NO MESMO.

Quedou pendente para un mellor estudo.

21.- EXPEDIENTE 6024/2017. DACIÓN DE CONTA DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN PARA “REDE DE SENDEIROS DO CANDÁN E MELLORAS EN BUSTELOS, VILATUXE E ZOBRA-FASE I”. PLAN CONCELLOS 2016. REINVERSIÓN DE BAIXAS.

Dáse conta do escrito remitido polo cal se concede a seguinte

subvención ao Concello de Lalín ao abeiro do Plan Concellos 2016 (Reinversión de baixas).

Investimento.	Importe subvención concedida.
Rede de sendeiros do Candán e melloras en Bustelos, Vilatuxe e Zobra-Fase I.	79.657,93 euros.

22.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5863/2017. SELECCIÓN DE PERSOAL E PROVISIÓN DE POSTOS.

Acordouse elevar a Xunta de Goberno Local a acta de cualificación final e a proposta de contratación do Tribunal Cualificador no proceso selectivo dunha dunha Educadora Social, persoal laboral temporal, para a prevención de condutas aditivas, Proxecto “Aquelar, servizo de prevención de adicións”.

23.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2000/2017. REPOSICIÓN DA LEGALIDADE - DENUNCIA LALÍN DE ARRIBA POR MUROS E ALPENDRES.

Acordouse requirir a M.P.M para que, no prazo de tres meses, presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente. Para o caso de que se denegue a licenza ou non se cumpran os requisitos legais para a comunicación previa, acordarase a demolición das obras á súa custa e procederase a impedir definitivamente os usos aos que desen lugar.

24.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4100/2017. LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Acordouse CONCEDER LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN para edificio de soto para trasteiros, baixo libre, tres plantas altas de vivenda, planta cuarta e baixo cuberta de duplex na rúa Z s/n - Lalín.

25.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA

**APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO:
EXPEDIENTE 2736/2018. SOLICITUDE PECHE RÚA ROSALÍA
DE CASTRO.**

Acordouse conceder autorización para o peche de rúa con motivo da ampliación de terrazas de locais da rúa Rosalía de Castro.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:10 horas do día do seu comezo, da que eu, como Secretario Xeral, dou fe.